

**ORDENANZA FISCAL Nº 19- REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN
PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO
LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE
TELEFONÍA MÓBIL.**

Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo art. 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 20 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo RDL 2/2004 de 5 de marzo, o Excmo. Concello de San Sadurniño establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil, que afectan á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa regulada na presente Ordenanza, a utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local constituído no voo, solo e subsolo de vías públicas municipais ou outros terreos públicos a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase a condición de que para a prestación do servizo de subministración sexa necesario utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupen o chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais, com independência de que sexa o titular daquelas.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

2. Para os efectos da taxa aquí regulada, teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras ás que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se prestan os servizos



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

coma se, non sendo titulares destas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a éstas.

3. As empresas titulares das redes físicas, ás cales non resulte aplicable o previsto nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupacións do chan, o subsolo e o vôo da via pública, regulada na ordenanza fiscal nº 10 Reguladora da Taxa por ocupación do Subsolo, Solo e Voo de terreos de uso público local.

Artigo 4. Responsables.

Os supostos de responsabilidade, xa sexan subsidiaria ou solidariamente, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 5. Base imponible.

1. A base imponible está constituída polos ingresos medios por operacións correspondentes á totalidade dos clientes de comunicacións móbiles que teñan o seu domicilio no termo municipal de San Sadurniño.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior, son ingresos medios por operacións os resultantes de dividir a cifra de ingresos totais por operacións dos operadores de comunicacións móbiles polo número de clientes destas comunicacións móbiles, segundo os datos que ofrece para cada exercicio o informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Artigo 6. Tipo de gravame e cota tributaria.

A contía da taxa determínase aplicando o 1,5 por 100 á base imponible definida no artigo 5 desta ordenanza.

Artigo 7. Período impositivo.

O período impositivo é o ano natural.

Artigo 8. Xestión.

1. Para calcular o coeficiente específico atribuíble a cada operador, os suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza presentarán no Rexistro Xeral deste Concello antes do 31 de abril seguinte ao ano natural o que se refire, declaración comprensiva dos ingresos brutos obtidos no exercicio, incluíndo, tanto os servizos de prepago como os de postpago obtidos no termo municipal, que se achegará coa certificación dos feitos concretos expedida polos auditores da empresa na cal se reflectan os ingresos brutos do exercicio sometido a tributación, e copia autorizada do balance e memoria do exercicio.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

2. A falta de declaración por algunha das operadoras facultará ao Concello para proceder á cuantificación da taxa en función da cota de mercado dos ingresos que resulten, para cada operador, do último informe anual aplicado pola *Comisión del Mercado de las Telecomunicaciones* desagregados para o Concello se constan nel, ou os agregados pola Comunidade Autónoma de Galicia ou, polo conxunto nacional total, no seu defecto.

3. No caso de que a cota de mercado on se poda calcular en función dos ingresos, calcularase supletoriamente pola cota de mercado do total das liñas tanto na modalidade prepago como postpago dispoñibles.

4. Aos efectos do cálculo do coeficiente específico non se terán en conta aquelas operadoras cuxas cotas de mercado sexan inferiores ao 1%, calculándose a cota de mercado en función dos operadores que teñan unha cota superior do citado 1%.

5. O Concello practicará a liquidación definitiva que será notificada ao suxeito pasivo que ingresará o importe da débeda tributaria pendente de ingreso nos prazos establecidos na Lei Xeral Tributaria.

6. As empresas suxeitas a esta taxa, deberán autoliquidar e ingresar unha vez finalizado cada trimestre natural, en concepto de pago á conta da taxa, a cantidade que resulte de aplicar o tipo do 1,5% á cuarta parte dos ingresos medios por operacións no termo municipal, segundo os datos do último informe anual publicado pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Artigo 9. Infraccións e sancións.

A falta de ingreso da débeda tributaria que resulte da autoliquidación da taxa practicada dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no artigo 191 da Lei xeral tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

Disposición Adicional.- Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fan a normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores.

Os preceptos desta ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aqueles en que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 28 de setembro, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.